

Creación

Lírica

Graciela BAQUERO

O soño

Todo é luz para os ollos móbiles do soño
Baixo as pálpebras desprégase
A plácida temperatura dunha praia
E alí está el e ela que era eu
Sen máis son que a presenza do outro

Enfrontados
Dobramos sabas
Facendo coincidir as puntas do agarimo
El e ela que era eu achegábanse e separábanse
Pola exacta medida da tea.

Orfandade

A Mercedes Ruibal

1

Seráns polos corredores do hospital
Tu xa exenta de ti
Ocupada na densa
Espera do declive e eu
A termar da areíña que se perde
Trenzando redes ao bordo da ausencia

2

A túa boca sen linguaxe
Baballa e ruxe ante a proximidade das culleres

Xa non queres comer

Sen convencemento
Termo das túas mans
Cantaruxo baixiño e agrédote
Coa violencia do alimento triturado

3

Lévote até o xardín
 Fago un paquetiño co teu corpo
 Ordeno o frío das túas pernas mudas
 E bico os teus tremores

Lévote até o xardín
 Lonxe de ti
 Para cubrirete de paxaros

(de *Oficio de Frontera*)

IREMOS MORRER EN HORDAS
 como os grandes mamíferos do mar
 os corpos mesturados
 apenas sen violencia
 estarecidos polos arquexos
 e o lene corazón do exterminio
 a cuspir un silencio mesto, que xa non sanda
 sobordados para sempre
 nas areas da nosa saudade.

SÍNTOMAS DE AUSENCIA:

Vas enfermado. Mentres,
 manipulas o escaso calendario da dita.
 Bordos dobradiños de carraxe, de constancia,
 de tediosa tenrura... Non somos inocentes,
 queremos perdurar sen demasiada dor.

Queremos perdurar e perdemos o sentido.
 Nada que facer “Razón que non volta
 nunca a tempo”. Materia desmembrada
 que fica espaxada na emoción.

Larvas laboriosas a facer os casulos,
 habitantes espidos que se axitan
 (o incesante ruído das súas gaiolas), o bafexo
 do amor, o arquexo dos que van fuxindo,
 o derradeiro alento.

Perda tamén de cousas que nos fan falla,
 como as mantas, a pel,
 o coitelo de cortar a verdura
 e algúns intres da memoria
 que conseguen facernos visíbeis.

Lentos momentos como os éxodos,
 como as vixilias nocturnas,
 como a espera dun neno sentado
 encol da súa nai morta... Vagarosos
 como a túa man aberta,
 a túa man aberta a termar deste desbarate.

CADA UNHA DAS HORAS

que debulla os días
 está ateigada dunha dor descoñecida
 que tento ganduxar arredor da boca.

As feridas do mundo veñen pousarse
 Paxaros famentos,
 Paxaros e máis paxaros.

(de *Historia de la fragilidad*)

Xornada 1

Colle o camiño máis estreito e non pises a herba. Para que a
 travesía sexa favorábel debes contar os coios que brillan coa
 lúa e renderte na memoria da auga.

Antes de partir dobraches as sabas onde descansan escenas
 infantís e enguliches as claves do susto no armario.

Fecha agora a porta, toca o silencio sen levantar poeira e
 lembra cada fillo que non deixaste nacer.

Xornada 2

Descende a ladeira. O camiño andado bifúrcase, mais só é
 visíbel se alguén canta e non hai máis que se desorientar para
 que as bandadas de paxaros te acompañen, sempre cara ao
 sur, coas súas gorxas secretas.

Non é doado camiñar cos pés espidos, non é doado levar-
 se enriba. Doeranche as costas, doerache o amor dos pais
 soterrados, os xardíns de inverno, a chuvia fica a toldar a
 memoria e terás que ir sandando, apertando alí, xusto onde o
 esquecemento inventou escuras transparencias.

Xornada 3

Xa é todo decisión. Na balixa levas o imprescindíbel; no en-
 tanto, pesa e retárdate. Ás veces atas unha corda á súa aga-
 radoira e turras dela tras de ti, como a un can morto.

A pegada que deixas é indescritíbel.

Xornada 4

Non hai nada que perder. Se encontras un cortello, repousa no arrecendo da palla. As vacas han de rumiarse o serán sospeitoso e ti ocuparás os seus ollos inmensamente bos. Talvez lembres o leite da nai, a órbita dos seus peitos baleiros, a túa succión ávida e imposible. A fame, o queixume e outra vez a fame da infancia deserta da túa boca.

Xornada 5

Bebe agora do frío e prosegue a viaxe. Os compases han de se asentarse nas fronteiras dos desaparecidos e algo xirará sobre a pel a marcar fronteiras fuxidías.

Cruza polo centro da carne, as autopistas teñen alí os seus nós. A velocidade cuspe paxaros alporizados e cómpre desatar o tempo para poder respirar.

Xornada 29

Ás veces retornas. Sobre a mesa da cociña hai algo quente e unha xanela ampla para ver a chuvia. É hora de desfaceres os nós e desprezar a túa historia.

Na escena, as potas fumeantes do caldo temperán, a verdura limpa encol do mármore e a túa avoa a tronzarlle o pescozo á galiña.

Podes sentir a música infantil baixando até a horta, mentres os cans choutan coa súa alegría doméstica e a terra empurra toda medranza.

É hora de desfaceres os nós. Un murmurio de gaivotas presaxia un mar de fondo. Respiras mainamente. Todo está en orde na casa da chuvia.

(de *Extravío*)

* Tradución para o galego de Ricardo Pichel.